



CONCELLO DE VIANA DO BOLO

Estimado Subdelegado do Goberno.

Con esta comunicación quero poñer no seu coñecemento uns feitos que sucederon o pasado 25 de abril pola tarde en Viana do Bolo. Lembro que nese día estaba vixente igual que a día de hoxe o estado de alarma aprobado polo consello de ministros e ratificado polo congreso dos deputados e o estado de emerxencia sanitaria aprobado pola Xunta de Galicia. Paso a detallar os feitos:

O sábado 25 pola tarde un coche de protección civil de Vilariño de Conso, sen competencias en Viana do Bolo, estivo repartindo caramelos en casas da vila de Viana e tamén nalgúns núcleos rurais do noso concello. Neste coche de protección civil viaxaba a alcaldesa de Vilariño de Conso e outras tres persoas, dúas das cales ían disfrazadas, ningunha delas ía identificada nin con uniforme de protección civil. O coche circulou polas rúas de Viana do Bolo coas sirenas postas e con música elevada dirixíndose a domicilios onde entregaron obsequios.

Esta actuación comandada pola alcaldesa de Vilariño de Conso foi sen previo aviso, sen comunicar ao concello de Viana do Bolo nin as autoridades competentes. Nesta actuación incumpríronse moitas das medidas e restricións que figuran na lexislación relativa ao estado de alarma e o estado de emerxencia sanitaria; non se gardaron as medidas de prevención, incumpríronse as distancias de seguridade, incumpríronse as medidas de mobilidade, etc. etc.; polo tanto poñendo en risco a poboación de Viana do Bolo

O que poño no seu coñecemento aos efectos oportunos.

Un afectuoso saúdo

Viana do Bolo, a 28 de abril do 2020
Secundino Fernandez Fernandez, Alcalde de Viana do Bolo.
Asinado dixitalmente a marxe

